

LIBROS VIVINTES



O síndrome de Peter Pan

SUMMA
ÁGORA

Son persoa incapaz de ter pautas nin rutinas. O meu carácter goza inconscientemente coa desorde.

Lembro a primeira vez que me vin espida no psíquico, foi coma se tivese tomado unha droga.

Atopeime denudada ante a dificultade de saír adiante coa idea de ser ti sen facer rir a ninguén.

Descubrín o FLOP,

que ten unha máxima importante para a vida, pensar que no fracaso está o éxito.

Rexurdir coma a ave fénix das túas propias miserias e aprender da derrota para atopar o teu propio triunfo.

BIBLIOTECAS
municipais

A miña vida voga nunha inestabilidade permanente, é algo que me gusta. Ao meu inconsciente gústalle. Son persoa incapaz de ter pautas nin rutinas. O meu carácter goza inconscientemente coa desorde.

Lembro a primeira vez que me vin espida no psíquico, foi coma se tivese tomado unha droga.

Atopeime denudada ante a dificultade de saír adiante coa idea de ser ti sen facer rir a ninguén. Descubrín o FLOP, que ten unha máxima importante para a vida, pensar que no fracaso está o éxito. Rexurdir coma a ave fénix das túas propias miserias e aprender da derrota para atopar o teu propio triunfo.

- Toma asento e procura sentirte o máis cómoda posible. Se prefires estar tombada no diván, adiante. É importante para a terapia esquecer en todo momento que estou aquí. Ao longo dos próximos días compartiremos moitas horas; entre as dúas profundaremos na túa mente.
- De acordo. Preciso durante unhas semanas determe e darlle espazo á reflexión. Definir aqueles matices que son propios de min para, chegado o momento, desfacerme deles. Estou ante un reto interpretativo que esixe darlle forma a un personaxe complexo, con moitas aristas que requerirán un esforzo que só pode atravesar facendo emerxer o que realmente son.
- Sabes que este é un gabinete seguidor da escola freudiana, non si? É importante, xa que logo, estas de acordo nas terapias que apliquemos. Traballaremos nos tres niveis psíquicos: consciente, preconscious e inconsciente.
- Na psicanálise o método ou "regra fundamental" é a asociación libre de ideas, así que será moi bo que durante as sesións expreses as imaxes e pensamentos sen restricións nin filtros.
- Está ben, creo que ao meu consciente ou inconsciente, ou aos dous a un tempo, non lle gusta a orde.

- *Pois daquela comezaremos a bosquexar no escenario interno. Eu estarei tomando algunhas notas...*

“Sempre me criei entre homes e, despois de tres irmáns e cinco curmáns varóns, era unha experiencia que chegase unha muller, a única rapaza. Dalgún xeito foi para min un reto, non de superación, porque as mulleres somos moi bravas e poderosas ao natural. Pero fun a última e ao mesmo tempo, a primeira.

Desde pequena gostei moito da música, gustárame ter sido estrela do rock and roll, a verdade. Non conseguín este soño e coido que me espaxé cara a exhibición.

A miña adolescencia veu marcada por un artista recentemente falecido, pero vivo con todo o seu legado, David Bowie. Foi un referente fundamental na miña mocidade polas infinitas posibilidades e imaxes que era quen de trasladar, por ter unha imaxinación increíble e unha capacidade de reinvención desbordante en contacto sempre con grandes mestres coma Marcel Marceau.

- A miña vida voga nunha inestabilidade permanente, é algo que me gusta. Ao meu inconsciente gústalle. Son persoa incapaz de ter pautas nin rutinas. O meu carácter goza inconscientemente coa desorde.
- Lembro a primeira vez que me vin espida no psíquico, foi coma se tivese tomado unha droga. Atopeime denudada ante a dificultade de saír adiante coa idea de ser ti sen facer rir a ninguén. Descubrí o FLOP, que ten unha máxima importante para a vida, pensar que no fracaso está o éxito. Rexurdir coma a ave fénix das túas propias miserias e aprender da derrota para atopar o teu propio triunfo.

Hai tempo atravesei un proceso de definición vital que abriu o camiño ao que hoxe son. Nese viero acompañóme un poema de Rosalía de Castro, *A xustiza pola man...*
Seino de memoria...

Aqués que tén fama d' honrados na vila
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos... ¡meus anxos!... que tant' eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonrada, mucháronm' a vida,
fixéronm' un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposos de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-*Salvádeme ¡ouh, xueces!*, berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeum' a xusticia.
-*Bon Dios, axudaime*, berrei, berrei inda...
tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... (ne' as herbas sentían)
i a lúá escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe ¡dun soio! deixei nos sin vida.
I ó lado, contenta, senteime das vítimas,

tranquila, esperando pola alba do día.

I entonces... entonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man qu' os ferira.

Transgresor, punk, cunha vixencia extraordinaria e que define outra das miñas iconas desde a xuventude. Gosto da poeta moderna, adiantada á súa época, feminista, social.

- Percíbome como unha prolongación da miña adolescencia. O de madurar non vai comigo. Non me gusta perder ilusións, preciso ter unha mentalidade aberta e descubrir permanentemente...”

Poderíamos falar do que en psicoterapia chamamos “Síndrome de Peter Pan”...

